

## CAMBIADORES

Cambiadores é un servizo orientado aos nenos e nenas de Educación Infantil e consiste en que un membro do equipo de Jardanay acudirá a cambiar a muda dos nenos/as se fose necesario no caso de que teñan algún accidente cas súas necesidades, se molle ou ensucie por calqueira motivo e necesite ser cambiado/a de ropa.

- O centro chamará ás familias, e son estas ás que deben contactar con cambiadores para solicitar a intervención.
- O tempo máximo para realizar o cambio desde o aviso é de 30 minutos.
- O horario de atención é o horario lectivo (durante as clases) así como no horario dos servizos de Jardanay (madrugadores e/ou comedor).
- Despois de cada intervención, as familias serán avisadas para que repoñan as mudas dos nenos/as.

## TRAMITES

### ALTA/ BAIXAS / MODIFICACIÓN :

- Os formularios cumprimentaranse exclusivamente a través da páxina web [www.jardanay.es](http://www.jardanay.es) (apartado área clientes e centro escolar). Non se poderán realizar altas, baixas ou modificacións por teléfono nin por correo electrónico.

As claves para acceder á área privada do centro son:

Usuario: mariabarbeito

Contraseña: comedores2024

Ademáis de cubrir o formulario é imprescindible cubrir a autorización. A autorización pode ser engadida no mesmo formulario, enviarse por mail a [cambiadores@jardanay.es](mailto:cambiadores@jardanay.es) ou entregala a Jardanay no propio centro.

**O prazo máximo para darse de alta/baixa é o día 26 de cada mes para iniciar o servizo o día 1 do seguinte mes. O servizo abarca un mes completo e non existe a posibilidade de uso esporádico.**

A modificación so é posible para cambiar algún dato da solicitude inicial (nome,apelidos, número de conta...).

## PREZOS

**O coste do servizo consta dunha parte fixa e unha parte variable, que é o custo de cada intervención.**

O servizo abónase mediante domiciliación bancaria, en torno ao día 15 de cada mes.

Si o/a neno/a asiste a outros servizos con Jardanay o importe de Cambiadores engadirase á factura mensual.

Si o/a neno/a só ten contratado o servizos de Cambiadores. Jardanay emitirá unha factura por usuario/a, é dicir unha factura por neno/nena.

A parte fixa do recibo de Cambiadores se cobra no mes en curso e a parte variable (os cambios realizados,de habelos), cobranse no recibo do mes seguinte.

### Curso 2024-2025- servicio cambiadores

Precio mes

16.50

Por intervención

2.00

### MUDAS

Cada usuario/a debe deixar un **mínimo dunha muda completa** no comedor (ropa interior, ropa e calcetines ou medias). As prendas estarán marcadas co nome e apelidos do neno/a polas familias.

A familias entregarán as mudas nunha caixa co nome e apelidos do/a usuario/a (preferiblemente caixa SAMLA, con tapa, transparente, de 28x20x14 cm / 5 litros, de IKEA, pola facilidade de almacenaxe).

O equipo avisará ás familias despois de cada intervención.

Facilitarase ás familias as mudas sucias nunha bolsa de plástico á saída do comedor ou na entrega de madrugadores e se recollerá a muda limpia.

Si as familias non son usuarias de comedor nin de madrugadores de Jardanay deberán acercarse nos horarios destes servizos para recoller a muda sucia e entregar a limpa.